

Unha obra ambiciosa

Retorna Xavier Quiroga ao ámbito do xénero novelesco no que se estreou hai algún tempo con *Atuado na braña* (2002), logo do libro de relatos *Era por setembro* (2004). E faino cunha novela que garda unha innegábel relación coa primeira ainda que, sen dúbida, esta poida ser lida prescindindo totalmente daquela, de xeito que, abeirándose a un espazo de corte futurista, ou de carácter anticipatorio se se quere, Ivo, o protagonista, vai ser aguilloados para que investigue a nota de autor presente en *Atuado na braña* de xeito que irá, progresivamente, enguedellándose máis e mais nunha trama na que o poder exerce todo tipo de violencias contra el e os


Acerca de Se buscabas un deus

RAMÓN NICOLÁS

en que a primeira proposta narrativa do autor sexa a que reactiva, vivifica e retroalimenta un argumento posterior; como que circule a referencia a personaxes que posúen un nome e apelidos absolutamente contrastables (recurso ao meu ver que pouco engade á historia e que só alimentará cuestións paraliterarias), o certo que Xavier Quiroga sabe crear unha novela ambiciosa na que mantén o ritmo narrativo, na que conxuga diversos rexistros con tino -magnífico que presenta unha vin-

medio un total de trece longos capítulos todos iniciados, o que é de agradecer, con versos de Celso Emilio Ferreiro tirados de *Longa noite de pedra*, libro simbólico que, con toda a súa carga de reivindicación, mesmo proxectada cara ao futuro, exerce tamén como referente de peche dos capítulos.

Proposta, talvez inconscientemente, de elevada filiación cinematográfica, nela habitan uns personaxes creados solidamente, con unha multiplicidade de asuntos fiados como son a incerteza diante da vida por parte dos más novos; o deseño dunha sociedade talvez próxima e marcada pola presenza de Zonas Restringidas, de Listas Negras ou da instauración pioneira en Galicia dunha rexia Lei de Seguridade que facilita un Control Total das xentes; a férrea censura da información; o recurso á tortura e á violencia desmedida; a omnímoda presenza dun poder superior absoluto que goberna vidas ao seu antollo; a vivencia da clandestinidade; o propósito da subversión presente tamén cando a literatura se



seus para que non se descubra o pasado e todas as implicacións e peripécias que aquilo que se narra na novela que investiga poida proxectar para o presente do personaxe.

Sexa entendida este *Se buscabas un deus* como segunda parte, ou non, da súa primeira novela –conxecturo que talvez todo se deba a unha redacción inicial conxunta que logo deu lugar a dúas grandes novelas– e pasando por alto tanto o recurso, certamente curioso e pouco habitual, que non debería albiscarse como un exercicio de vaidade consistente

cu-lación coa oralidade, como tamén amosa unha vocación más literaria na que incorpora un léxico riquísimo-, e é quien de desenvolver un argumento atractivo no que proxecta as ameazas que pairan no seo dunha sociedade altamente tecnificada pero, ao tempo, altamente controladora da vida dos seus membros.

A estrutura da novela segmentase a través de dous “cabos”: un inicial coa funcionalidade de significarse como continuación de *Atuado na braña* e outro, que constitúe a verdadeira fin do libro. No

converte nunha clave que pode revelar o pasado mesmo cando se descobre que aquel xogo que se lle propuxo a Ivo resulta, sen dúbida, un xogo pernicioso pois este vai descubrindo con afouteza a verdade, a verdade da súa vida e a dos seus, para acabar convencido das bondades da ideoloxía antiglobalizadora.

Proposta textual enriquecedora, así pois, que no seu interior recorre aos modelos de anticipación ou de ficción futurista de corte político, que harmoniza con trazos de novela negra ou de aprendizaxe e que tamén é de intención social. Unha fermeza temática e de palabras do máis aconsellable.

QUIROGA, Xabier, *Se buscabas un deus*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 489 páxinas